

SENDERISMO EN POBRA DE TRIVES (Ourense)

DO 5 AO 8 DE DECEMBRO DE 2025

S.M. ARTABROS

PRESENTACIÓN

Iste ano voltamos a **Terra de Trives**, unha bisbarra de Galicia onde estivemos moitas veces, e nunca cansáremonos de visitar. Nesta ocasión, temos outro motivo máis para ir, xa que hai que apoiar a súa actividade turística e económica, gravemente afectada polos incendios deste verán. Non meterémonos por onde está queimado, pero non deixaremos de ir por iso. Afortunadamente, hai moitas zonas, onde non chegaron as lapas, e poderemos gozar igual da nosa paixón.

Coma sempre, combinaremos o sendeirismo, coa visita a povos singulares, que conservan súa arquitectura tradicional. Imos a aloxarnos na vila da Pobra de Trives, onde poderemos pasear polo seu casco vello, ao remate dous roteiros.

O domingo de volta, a primeira hora, faremos unha curta visita a Montefurado. Despois iremos a Monforte para facer as 12 horas, unha visita guiada ao Museo do Ferrocarril.

A VIAXE

Saliremos o venres 5 de decembro de Riazor (parada de bus Deportienda), as **17,30 horas**. Hai que estar 10 minutos antes, para cargar as maletas e pasar lista. Paradas en Alfonso Molina e Carrefour. A cea está incluída. A volta será o luns día 8, calculamos chegar a casa, sobre as 19 horas, coas mesmas paradas.

ALOXAMENTO

Será no Hostal A Viuda en Trives, en habitacións dobres en réximen en reximen de media pensión. Habrá algunha individual. <https://laviudatrives.es/>

INSCRICIÓN

Socios, en habitación dobre, en réximen de media pensión **260€**. En cuarto individual, **290€**. Para os non socios será de **290€ e 330€**. Non está incluída a entrada no museo de Monforte, que custará 5€/p. A inscrición abrírase a data de publicación web. Os socios que se inscriban en outubro, poderán pagala en dous prazos. Os non socios, poderán facelo dende o luns **10 de novembro**.

O prazo de inscrición rematará o venres **28 de novembro**. Quen cause baixa, antes desa data, sexa a causa que sexa, se ocupa unha habitación dobre e non cóbrese a súa praza, se lle reterá o recargo de habitación polo uso individual do compañeiro/a de habitación e a parte dos gastos xerais. Se a baixa prodúcese despois do 28 de novembro (en que hai que confirmar as prazas ao hostal), se lle reterá o custo completo da inscrición.


A RUTAS

Serán dúas rutas de sendeirismo, de dificultade media, que dirixirán guías os do club.

Non serán de gran desnivel, nin longas, xa que en decembro, temos moi poucas horas de luz. É convinte ter unha mínima experiencia en saídas de varios días, en terreo de media montaña. Se non se ten, pero estase en boa forma, e se quere iniciar neste tipo de viaxes, esta é unha boa oportunidade. En caso de dúbida, consultar co monitor organizador.

E imprescindible, ter o equipo básico, como botas de montaña, roupa de abrigo e choiva, comida, bastons, unha lanterna de montaña, mellor se é frontal etc.

O programa de rutas, poderá ser modificado, por causas, técnicas u organizativas, en beneficio de todo o grupo. Non é necesario estar federado en montaña.



SÁBADO 6. POBRA DE TRIVES- MANZANEDA—SOUTO DE ROZABALES - POBRA DE TRIVES

Trátase dunha ruta circular fácil, que comeza e remata en Pobra de Trives. Vai practicamente sempre por bosque, que pasa por varias povoación como Piñeiro, Sobrado, Manzaneda, e A Emcomenda, nos que poderemos ver a súa arquitectura tradicional. A metade, pasaremos polo famoso Souto de Rozabales. Trátase dun bosque de castiñeiros, declarado Monumento Natural, que un dos máis importantes de Galicia.

Distancia 15 km desnivel positivo 543 m.



DOMINGO 7. OS BOSQUES MÁXICOS DE CASTRO CALDELAS PR-G 213

Aquí faremos outra ruta circular, por fermósísimas zonas de “bosques máxicos”. Comeza na Praza do Prado de Castro Caldelas, Desde alí enseguida penetrarémonos na «fraga», descendendo polo famoso Souto de Poboeiros en dirección ao Valle da Abeleda. Polo camiño pasaremos polo Pazo do Couto e por varias aldeas abandonadas (Entrambosaguas, Valverde e Ou Rosario). Xa na zona baixa do val, entre viñas, pequenos bosques e antigos muíños, dirixirémonos cara ás beiras do río Edo. Alí chegaremos ata o Mosteiro de San Paio dá Abeleda, actualmente en ruínas.

Continuaremos volvendo a penetrar nas Selvas de Castro Caldelas. Alí, seguindo o curso do Rego do Porto, ascenderemos entre carballos e castiñeiros milenarios en dirección a Poboeiros. O claros do bosque deixarannos gozar de novo coas vistas do Valle da Abeleda. Desde Poboeiros restaranos un último tramo pola «Fraga», que nos conducirá de novo cara a Castro Caldelas.

Distancia 15 km desnivel positivo 667 m.

LÚNS 8. VISITA A MONTEFURADO (Quiroga) E O AO MUSEO DO FERROCARRIL DE MON-

A primeira hora, faremos unha curta visita a Montefurado. <https://www.escapadarural.com/blog/tunel-de-montefurado-obra-romana-en-el-sil/>

Despois iremos ata Monforte, para visitar o Museo do Ferrocarril <https://muferga.es/>, e facer a parada do xantar. Calculamos chegar a Coruña sobre as 19 horas.

